

## 28 DE XUNIO

### DIA INTERNACIONAL DO ORGULLO GAI

*No décimosegundo aniversario da rebelión dos gais neiorquinos, hoxe os homes e mulleres homosexuais de todo o mundo estamos a celebra-lo Día Internacional do Orgullo Gai, xornada de loita pola liberación homosexual.*

*Este ano, pra nós, non se trata somentes dunha data na que saimos a rúa a facer un acto de afirmación homosexual. Trátase de que collamos todos-as, homosexuais ou non conciencia da situación de opresión e marxinação que tantos homes e mulleres están a sufrir por non adaptarse a unhas normas de conducta sexual (heterosexual, dictadas desde o poder).*

*Trátase de que nos enfrentemos ós pláns do Goberno da U.C. D. de aprobar un código penal reaccionario, que impón unha auténtica ameaza pras personas homosexuais, Trátase de que, por primeira vez en Galicia, temos a posibilidade de mobilizarnos, homes e mulleres, homosexuais i heterosexuais, contra do que non é mais que unha de tantas formas de opresión.*

*Trátase de combatir pola liberdade sexual, o cal é un xeito máis de combatir pola liberdade. Por esa liberdade que cada día está máis ameazada e máis recortada.*

**¡POLA LIBERTADE SEXUAL!**

**¡CONTRA DA REPRESION DA SEXUALIDADE  
ACUDIDE TODOS-AS A VIGO O DIA 28 DE XUNIO.  
MANIFESTACION AS 12,30 NA PRAZA DE PORTUGAL  
FESTA-ROMERIA EN CASTRELOS DENDE AS 12,30 HS.**

**COORDINADORA DE COLECTIVOS GAIS DE GALICIA  
(C.C.G.G.)**



Forzas adheridas:

de Veciños: "Casco Vello" \* "Vigo Oeste" (de Vigo)

Culturais: Asociación Cultural de Vigo \* Zona Aberta (A Cruña).

Colectivo polas Liberdade (A Cruña) \* Colectivo pola Defensa das Liberdade (Vigo).

Asamblea de Traballadores en Paro (Vigo)

Partidos: PS de G (PSOE) \* PCG \* MCG \* LCR

Organizacións Xuveniles: MCR \* XCG \* MGR.

Sindicato Nacional das CC.OO.

Feministas: Coordinadora Feminista (Vigo) \* Asociación Galega da Muller (A Cruña).